

Texto: **MARÍA JOSÉ FERRADA LEFENDA**

Ilustracións: **NICOLAI TROSHINSKY**

Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.

88 páxinas. Ilustracións en color

Dispoñible en:

-Galego: "Un mundo raro". Seteleguas. ISBN 978-84-8464-727-0

-Castelán: "Un mundo raro". Siete Leguas. ISBN 978-84-92608-19-5

Prezo: 13 €

## UN MUNDO RARO

**María bailaba. Oía a choiva e bailaba. Oía o timbre e bailaba. Oía os paxaros pola mañá e bailaba. E mesmo as cousas que ela tocaba daban en bailar.**

**Sara quería debuxar o mundo. Subía ás árbores e debuxáballes mazás, miraba o ceo e debuxáballe estrelas, miraba as flores e debuxáballes vestidos.**

**Xoán oía o que as cousas dicían porque, no canto de dúas orellas, tiña dez. Cando naceu, a súa nai preocupouse ao verlle tantas orellas, mais Xoán, que a oíu, amosoulle un gran sorriso.**

**Cando Rodrigo inventou unha gran rede, cazou os planetas e púxoos a dar voltas dentro da súa casa, todos dixeron: Rodrigo é inventor!!! e daquela saíronlle anteollos.**

**Antía, no canto de cabelos tiña flores. Por iso algunhas persoas pensaban que, en vez dunha nena, era un testo. Esta confusión non a amolaba porque sabía que, cando florecía, a súa cabeza era realmente fermosa.**

**Cando Catarina naceu, imaxinou que era unha mazá. E, como para ela imaxinar algo e ser ese algo era o mesmo, co tempo foi un gran de arroz, un peixe e unha lagoa.**

Existe un mundo que brota da cabeza dos protagonistas deste libro de relatos e tamén dos seus pés, das súas orellas, dos seus oídos. Son nenos e nenas que inventan bolboretas para adornar os seus paseos ou que debuxan o sol no medio do inverno, ou que sementan letras para inventar contos. Son nenos e nenas que constrúen o Mundo á súa propia medida: un mundo que reborda imaxinación e poesía.

María, Sara, Xoán, Rodrigo, Antía e Catarina viven e crecen en lugares lonxanos ou cercanos, nalgunhas. Coñécense. Xogan e saltan. Comparten historias. O azar úneos ou sepáraos... "Un mundo raro" presenta unha serie de experiencias infantís para reflexionar sobre o mundo que rodea os cativos, achegarse ao seu contorno, aos seus pensamentos e, por extensión, facer ese mundo máis asequible aos adultos, tan carentes de lembrar a súa propia nenez.

María José Ferrada aplica unha estrutura narrativa flexible, alternativa á fórmula do conto tradicional, con historias que, ao atoparse, dan orixe a poemas e micro-relatos. As historias transcorren en espazos cotiás que Nicolai Troshinsky mestura con paisaxes de

carácter onírico e siluetas recortadas de follas de papel impreso, con motivos cromáticos ou gráficos.

### **MARÍA JOSÉ FERRADA (Chile, 1977)**

Licenciada en Comunicación Social pola Universidade Diego Portales de Chile. Tamén estudou Lingüística aplicada á Tradución na Universidade de Santiago de Chile e cursou un master en Estudos Asiáticos pola Universidade de Barcelona. Publicou varios álbums infantís, escribiu guións para curtametraxes e colabora con diversas iniciativas literarias e teatrais.

### **NICOLAI TROSHINSKY (Moscu, 1985)**

Naceu en Moscu, pero viviu en España a maior parte da súa vida. Estudou Ilustración na Escola de Arte Nº10 de Madrid e ampliou a súa formación con cursos impartidos por Linda Wolfsgruber e Józef Wilkon en Sármede (Italia). Colabora con editoriais e medios de comunicación. Recibiu o 1º Premio Injuve de Ilustración 2007, entre outros. Estuda dirección de cine de animación nunha escola francesa.



- **Temática:** libro de micro-relatos e poemas
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións a base de siluetas recortadas e pintadas, coa técnica do collage
- **Aplicacións:** escrita creativa, imaxinación

